

RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE xuño de 2012 SOBRE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS DE INTERCAMBIO

O Estatuto do Estudante Universitario en relación ao recoñecemento académico e mobilidade establece que *“as universidades arbitrarán, de acordo con su normativa propia, los procedimientos adecuados para que los estudiantes que participen en los programas de movilidad conozcan, las asignaturas que van a ser reconocidas académicamente en el plan de estudios de la titulación que cursa en la universidad de origen. Para el reconocimiento de conocimientos y competencias, las universidades atenderán al valor formativo conjunto de las actividades académicas desarrolladas, y no a la identidad entre asignaturas y programas ni a la plena equivalencia de créditos”*.

O Estatuto do Estudante establece, tamén, que os programas de mobilidade en que houbera participado un estudante e os seus resultados académicos, así como as actividades que non formen parte do contrato ou acordo de estudos e sexan acreditadas pola universidade de destino, serán recollidos no Suplemento Europeo ao Título. O Artigo 9º.10. do Regulamento do 15 de febreiro de 2008 dos Intercambios interuniversitarios de Estudantes xa prevía que *“No compromiso de estudos ou acordo académico poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe Créditos de libre configuración/optativos – programa de intercambio, nos cales non se especifique a actividade que se vai realizar, por non coincidir coas materias propias da titulación para a cal se cursan”*.

O coordinador da universidade de destino deberá aprobar en cada caso a actividade realizada e o número de créditos aplicables. Na resolución de recoñecemento de estudos terá que figurar a denominación concreta e os créditos aplicables a cada materia ou actividade realizada.

Tras la implantación das novas titulacións de grao e máster e co obxecto de manter unha actuación homoxénea na tramitación dos recoñecementos dos estudos realizados dentro dos diferentes programas de mobilidade nos que participan os alumnos de grao e master da USC, dictase a seguinte

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- As materias ou créditos cursados polos alumnos en universidades españolas ou estranxeiras dentro dos diferentes programas de mobilidade deberán reconecerse ós estudantes sempre que figuren no correspondente acordo de estudos ou acordo académico.

As materias e actividades cursadas noutras universidades durante os programas de intercambio e que no estean incluídas no acordo académico poderán incluírse no expediente do alumno polo procedemento de transferencia de créditos.

Segundo.- Cando algunha das materias que se recoñeza non se imparta dentro do plan de estudos que estea a cursar na USC o alumno poderán recoñecerse como créditos optativos tendo a consideración de oferta académica no exterior, sempre que así figure previamente no compromiso de estudos ou acordo académico.

Terceiro.- Se estas materias ou créditos reconecidos como materias ou créditos optativos, poderán ter a consideración de créditos optativos de orientación ou especialidade sempre que o Centro correspondente determine que o contido académico dos mesmos se corresponde coa orientación e coa área ou áreas de coñecemento que a sustentan.

Cuarto.- O recoñecemento de Traballos Fin de Grao o Traballos Fin de Máster o será polo conxunto da actividade e exclusivamente por ela. En caso de que o número de créditos dos traballos de fin de grao ou máster sexa maior na universidade de destino que nos estudos da USC que cursa o alumno, non poderán desagregarse créditos desta actividade para o seu recoñecementos como créditos xenéricos de ningún tipo.

Quinto.- Para ter dereito ao recoñecemento o alumno deberá figurar matriculado previamente nas materias ou nos créditos optativos sen equivalencia, segundo o disposto no regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2012



O REITOR,



Juan J. Casares Long